

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 5**

### **SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 21 DE MARZO DE 2007**

#### **ASISTENTES**

Excma. Sra. Alcaldesa	Guerra Fernández, Javier Jorge
Arias Moreira, José Carlos	Losada Álvarez, Abel
Bermúdez Pérez, Silvia	López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Caballero Miguez, Gonzalo	Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Calviño Rodríguez, Xullo	Méndez Piñeiro, María Xosé
Coello Bufill, Antonio	Molares Pérez, Lucía Emilia
Comesaña Abalde, Carlos	Polo Lima, María Soledad
Cotobad Tombo, Elías Carlos	Ruiz Cenicerros, Mauricio
Couto Pérez, José Manuel	Sío Lourido, Belén
Fernández Fernández, Amador	Soto Ferreiro, Manoel
Figueroa Vila, José Manuel	Toba Girón, Xabier
Garrido González, Alicia	Viéitez Alonso, Henrique
Graña Barcia, María Luisa	

#### **NON ASISTEN:**

Alonso Vázquez, Xulio  
Iglesias Carrera, José Manuel

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as oito horas e trinta e nove minutos do día vinteún de marzo do ano dous mil sete, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Arias Moreira (con atraso), Bermúdez Pérez, Caballero Míguez (con atraso), Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Garrido González, Graña Barcia, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Losada Álvarez, Martíns Vilanova (con atraso), Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten os Sres. Alonso Vázquez e Iglesias Carrera. Está tamén presente o Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar los asuntos da orde do día.

1.- (25).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Dada a proximidade da data da festividade da Reconquista de Vigo, procede que o Pleno da Corporación con anterioridade a esa data acorde o outorgamento da Medalla da Cidade e nomeamento de Vigueses Distinguidos.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Caballero Míguez e Iglesias Carrera e a Sra. Martíns Vilanova).

VOTACIÓN DA RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase ratificar a urxencia da sesión.

2.- (26).- OUTORGAMENTO DA MEDALLA DA CIDADE E NOMEAMENTO DE VIGUESES DISTINGUIDOS.

*Durante o curso do debate se incorporan á sesión os Sres. Arias Moreira e Caballero Míguez e a Sra. Martíns Vilanova.*

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de marzo de 2007, preséntase escrito asinado por todos os concelleiros pertencentes os Grupos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e PG, co seguinte contido:

“D. Xulio Calviño Rodríguez, D. Xabier Toba Girón e D. Manoel Soto Ferreiro, en nome propio e en presentación dos Grupos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e PG manifestan:

A punto de celebrarmos a festividade local do Día da Reconquista de Vigo e logo das manifestacións feitas polo voceiro do Grupo Popular diante da Xunta de

Voceiros realizada o pasado día 12 de marzo, no sentido de deixar en suspenso este ano a concesión da Medalla da Cidade, decidindo exclusivamente a concesión dos premios de Vigueses e Viguesas Distinguidos por parte da Xunta de Goberno Local, é dicir, polo Partido Popular en exclusiva, os grupos municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE, Bloque Nacionalista Galego e Partido Galeguista acordan:

1.- Solicitar, de acordo co artigo 46.2 da Lei de Bases de réxime local, a convocatoria dun Pleno Extraordinario ó obxecto de debater e aprobar a concesión da Medalla da Cidade e dos galardóns de Vigueses e Viguesas Distinguidos.

2.- Propoñer a concesión da Medalla da Cidade, neste ano 2007 a:

a) Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos, entendendo que neste ano a Corporación municipal e a sociedade no seu conxunto deben amosar o maior apoio aquelas que cada día combaten a violencia que sofren as mulleres.

b) Policía Local polo cumprimento do seu 125 aniversario.

3.- Así mesmo, propoñer a concesión do galardón de Vigueses Distinguidos, atendendo ós seus méritos a:

- Dna. Concha Nogueira, en representación da Asociación Viguesa para a Recuperación da Memoria Histórica, para dar cumprimento á moción aprobada por acordo plenario en marzo de 2005.
- Dna. Victoria Iglesias, como presidenta da Marcha Mundial das Mulleres.
- D. Xosé Francisco Armesto Faginas, que foi director ata a súa recente e sentida morte, da Escola Municipal de Artes e Oficios.
- D. Carlos Núñez Muñoz, gaiteiro.”

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Lamento no nome de moitos vigueses a situación na que nos atopamos, na que vostede, Sra. Alcaldesa, nos meteu. Xa no mandato pasado vostede confrontou co resto da Corporación un tema que viña sendo acotío de consenso, no que realmente a un grupo político gustaríalle máis un distinguido, a outro menos, uns tiñan preferencias máis cara un lado e outros cara o outro, pero no que houbo en xeral na historia da cidade unha grande transixencia por parte de todos. Non fixo falla felizmente recorrer á lei para que realmente por sentido común ese consenso se dera en xeral na historia da cidade agás algunha pequena paréntese.

Vostede xa queda na historia desta cidade como unha grande paréntese, Sra. Alcaldesa, por dereito propio porque foi vostede quen rachou a posibilidade do consenso non aceptando as propostas que lle facían tres grupos políticos, non un unilateralmente que tamén tería dereito ó faceren.

Eu lamento esta situación sobre a que lle escoitei algún tipo de comentario que non ten nada que ver coa realidade como a de que estamos contra vostedes e cousas polo estilo; non sei se son xustificacións de mal pagador, como di o vello refrán. Eu non sei os demais, cada quen ten que falar por si mesmo, pero o Partido Galeguista non está contra o Partido Popular, está a favor de Vigo e de decisións sensatas e a súa decisión é insensata.

Só veñen a este Pleno cando a lei lles obriga, cando lles fai baixar a cabeza da súa soberbia e realmente non teñen máis remedio que o facer. Mesmo habendo unha lei que si coñecían, a outra pode ser que a descoñeceramos todos ata hai uns días, non hai por que dicir o que non é, pero sabendo todos que a Medalla da Cidade se ten que dar no Pleno, vostedes unilateralmente teñen a desvergoña de dicir “este ano non hai Medalla da Cidade”; ben, porque o din vostedes. Tanta prepotencia, tanta soberbia non debe ter cabida na política presente nin na futura, hai que ter outras políticas para gobernar, se me apuran con outra calidade humana polo tema que estamos discutindo e con outra capacidade de tolerancia.

Dende logo nós criticámoslos, lamentamos estar neste Pleno como estamos, fixemos todo o posible, tentamos que houbera un Pleno de consenso xeral e son vostedes os que o impediron. E amen hai que falar dos por ques concretos e non só da abstracción, non hai que lle furtar nin medio chisco deste debate ó pobo de Vigo, sereno pola nosa banda pero moi claro e contundente e a partir de aí que cada quen asuma as súas culpas, que nos xulguen ou critiquen os que queiran e que tamén nos apoiem quen o queira.

Xa dixen algunha vez que o Partido Galeguista apoia a concesión da Medalla á presidenta da Asociación da Memoria Histórica porque nos parece un acto de xustiza, reparador, un merecido bálsamo para tantos milleiros de vítimas inxustamente mortas. Dixen xa nun Pleno que moitas inxustamente mortas dos bandos dos perdedores, pero tamén algunhas inxustamente mortas dos bandos dos gañadores. O Partido Galeguista pide a reparación para todos.

Houbo moitas boas persoas que sinxelamente polas súa ideas matáronas e nós non queremos que esas persoas queden cun maltrato na historia e no silencio dos tempos; queremos a reparación balsámica. Miren que falo e vou falar sempre sen falar doutros bandos, nin do que fixeron, nin de responsabilidades; nin un átomo de vinganza van atopar nas miñas palabras porque esa si é a responsabilidade que

asume o Partido Galeguista para pasar páxina e asumímola responsablemente e en voz alta e coa cabeza alta.

Non queremos vinganzas, non queremos voltas atrás, non queremos as chamadas dúas Españas, non queremos que nestes temas haxa cualificacións de dereitas ou esquerdas. Son as nosas opinións humanas as que contan neste tema e como son humanas non só houbo moitos mortos, houbo fillos daqueles mortos. A min estremecíanme e, Sra. Alcaldesa, vostede di que lle preocupan as cousas sociais e que opinaría se lle din que a uns nenos de 12, 13 ou 14 anos lles rapan a cabeza ó cero porque ós seus pais os mataron por ideas X ou Z? Por que lle dá á cabeza? Fale logo e explíqueme os seus sentimentos de persoa, Sra. Alcaldesa.

A actitude de seu e a do Partido Popular neste tema na miña opinión é unha actitude de moi baixo perfil humano, alén das cuestións políticas. O Partido Galeguista é plenamente consciente do que se entende por cuestións políticas de confrontación partidista, de dereitas/esquerdas, das dúas Españas e un longo etcétera e o Partido Galeguista deixa fóra a mantenta, deliberadamente; non queremos entrar nesas dialécticas pasadas e superadas pola sociedade. Pero un feito coma este que pedimos reparador e de xustiza, si e apuntarémonos a el nesta Corporación, na que ven e en cantas corporacións veñan. Ogallá algún acto como este, algún acto como o que esperemos dea con máis valentía do que está a dar na nosa opinión o Goberno do Estado e quen o acompaña na gobernación do Estado, reparen xa este tema e nos deixen a todos tranquilos porque moita xente non queremos xa falar da guerra “incivil” que houbo neste País, moléstanos. Pero hai que deixar ós mortos ben enterrados, dígollo así de claro.

SR. TOBA GIRÓN: Debo empezar dicindo, Sra. Presidenta, que hoxe están vostedes aquí obrigados pola lei, nin máis nin menos. Debe quedar claro antes de nada que non houbo ningunha concesión pola súa banda. Estamos hoxe aquí porque o meu propio grupo, o grupo municipal socialista e o grupo do Partido Galeguista asinamos a solicitude de Pleno extraordinario de acordo co artigo 46.2 da Lei de bases de réxime local. Está hoxe vostede presidindo esta sesión por motivo de lei, Sra. Presidenta, porque vostede non a quería e por suposto non quería estar hoxe sentada na presidencia desta sesión. Vostede e o seu grupo non o querían. Están hoxe pola aplicación taxativa da Lei de bases.

Non houbo ningunha posición concesiva por parte do seu grupo e de vostede mesma, houbo que recorrer á propia Lei de bases de réxime local para hoxe sentármonos e discutir un tema que normalmente non era obxecto de discusión, que ó longo de moitos anos e independentemente do que digan os textos legais no seu sentido material sempre se resolveu pola vía do acordo, do consenso, a mellor vía que implica evidentemente facer concesións pero tamén acordar, ser quen de ceder para acadar un posicionamento común. Vostedes non eran quen de acordar, non querían ese Pleno da Medalla da Cidade, pero non porque non a quixeran conceder, vostedes tiñan previsto a quen ían propoñer para a Medalla da Cidade, senón sinxelamente é que non se querían someter ó Pleno da Corporación.

Pero estamos aquí malia de que o que querían vostedes era, xa non só non convocar o Pleno, senón dun xeito unilateral nomear tamén ós Vigueiros Distinguidos pola súa conta, por conta en exclusiva do Partido Popular porque mesmo na súa proposta, Sra. Alcaldesa, que vostede pretendía levar en termos de efectividade á Xunta de Goberno Local, non houbo nin unha mínima consulta á Xunta de Voceiros. Vostedes non querían Pleno, non querían acordar cos outros grupos da oposición seguindo nunha liña de rotura dos procedementos que tiñamos acordados entre todos xa hai moitos anos e que iniciaron vostedes non o ano pasado, senón hai dous anos.

Non o querían. Vostedes o que querían era un xesto de autoridade, mellor dito un xesto de autoritarismo tan querido polo sector máis extremista afecto ó Partido Popular. Resumíase a súa posición en “aquí mando eu e onde non mando non hai Pleno; como non mando na Medalla da Cidade non hai Pleno e o resto nin o consulto coa Xunta de Voceiros”. Sacan vostedes a súa propia lista e nin sequera comunican á Xunta de Voceiros cal é a súa proposta, non é nin sequera que nos soliciten algunha proposta que é o normal, o que se veu facendo ó longo dos últimos anos, é que a Xunta de Voceiros coñece a súa lista polos medios de comunicación. Miren vostedes ata onde estaban chegando, ata onde querían chegar.

Patético nun asunto deste calibre porque os símbolos teñen un calibre moi importante. Pero dígolles máis porque ademais quedaron vostedes como o que son: un grupo en minoría que se vai someter ó Pleno e que fronte á posición prepotente ten que se someter ó Pleno de Corporación como di o Regulamento orgánico de funcionamento municipal; claro que si. Miren por onde non o querían pero hoxe

están aquí, vanse votar as propostas da oposición e tamén as súas, pero as súas vanse votar como emendas ó expediente e o expediente está conformado polo Partido Galeguista, o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego. As súas propostas son emendas a ese expediente e así debe ser.

Pero sobre todo e independentemente das propostas, vostedes hoxe van recibir unha lección de democracia, esa democracia á que vostedes querían traizoar con prepotencia, escapando do Pleno, da Xunta de Voceiros e actuando unilateralmente de xeito sectario.

Eu quero dicir tamén que quería o BNG. Aínda que é moi evidente teño o deber de expresar o que quería o noso grupo, que queremos e que imos ter. Nós queríamos un día da Reconquista este ano para avanzar na conquista da liberdade do 50% da poboación. Queríamos un día da Reconquista para conquistar maiores espazos de liberdade para o 50% da poboación. Por iso as nosas propostas viraron arredor de apoiar a aquelas que loitan todos os días contra a violencia de xénero e a aquelas que loitan pola igualdade porque non hai liberdade con violencia e non hai liberdade sen igualdade. Este debiera ser o ano en que premiáramos a aquelas que hoxe están na fronteira da conquista de novas liberdades e dereitos para ese 50% da poboación, que os ven limitados porque non hai igualdade e porque sofren a violencia de xénero.

Esta Corporación, o Concello de Vigo, independentemente de quen gobernara, foi pioneiro neste traballo, na posta en marcha dunha Concellería da Muller no seu momento, na posta en marcha de plans de igualdade e ademais debo dicir que independentemente de perfís todos os grupos contribuímos nese traballo, nesa concienciación, uns con maior entusiasmo ou entrega pero todos e todas os que formamos esta Corporación e as anteriores levan moitos anos comprometidos nesa batalla que non remata e que este ano debería acadar un momento de compromiso na festa da Reconquista na conquista de maior liberdade para as mulleres.

Tamén queríamos que este día da Reconquista servira para reconquistar o pasado, a dignidade, o recordo dos represaliados polo golpe fascista do 36. Nós queríámolo xa o ano pasado e o anterior, apoiando a unha asociación que busca recuperar esa memoria sen revancha, sen vinganzas, senón coa dignidade e co compromiso de quen leva 70 anos de atraso nese recoñecemento, 40 de terror e 30 anos de esquecemento; os 40 de terror xa quedan atrás pero os 30 anos de esquecemento

do noso sistema, do sistema democrático daquelas persoas, iso non podía durar máis, xamais debeu durar tanto dende o noso punto de vista e falo do punto de vista do Bloque Nacionalista Galego. Durou demasiado pero é o momento de recoñecer o traballo de quen procura sen revanchas a recuperación da memoria e da dignidade para aqueles que sempre foron esquecidos, que foron obxecto especial do terror de 40 anos pero ademais foron esquecidos sistematicamente.

Un atraso do que non son vostedes os únicos responsables, evidentemente. En todo caso do único que vostedes son responsables é deste último ano de atraso, dos anteriores hai máis responsables pero deste último ano en Vigo foron vostedes os únicos responsables porque non quixeron cumprir un acordo adoptado polo Pleno da Corporación.

Non é necesario que eu saliente que nalgunha ocasión mesmo debatemos o incumprimento de acordos plenarios pola súa parte, pero este é quizais o máis significado, o máis evidente, se mo permiten o máis descarado por canto a vontade da Corporación fora expresada con moita claridade, vontade que vostedes non aceptaron rachando un procedemento que viña funcionando dende hai anos e que debera seguir funcionando.

Nós como grupo, á vista dos acontecementos, deseñamos a nosa estratexia, a que nos correspondía, a que tiñamos que poñer en marcha para rematar cunha actitude soberbia do grupo popular, cunha posición sectaria, cunha posición de non querer avanzar na liña de acordos nun asunto que é relevante para a cidade, cunha posición que pretendía entronizar o autoritarismo e para rematar en fin coa aliñación coas posicións máis extremas do Partido Popular.

Hoxe é un bo día baixo o noso punto de vista e nesa valoración matizo a posición do Sr. Soto. Hoxe é un bo día porque é un día magnífico para recuperar a soberanía do Pleno, para recuperar a liberdade, é tamén un día magnífico para recuperar a competencia e un día moi bo para someter á consideración deste Pleno, non a derrota de ninguén na votación, senón a derrota dunha actitude do equipo de Goberno, dunha actitude do Partido Popular absolutamente autoritaria e que ademais para vostedes mesmos e para vostede mesma, Sra. Presidenta, ten resultados patéticos. Non foron vostedes quen de entender á Corporación, de xestionar o acordo da Corporación, só foron quen de instrumentar as posicións do seu propio partido.



Vostede, Sra. Presidenta, neste tema non actuou como alcaldesa e como presidenta desta Corporación, actuou como presidenta do Partido Popular exclusivamente e aí vaille ir a súa penitencia.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Hoxe é un día importante para a democracia en Vigo, un día no que posiblemente non sería necesario este debate, que de non seren pola obcecación da alcaldesa e do grupo municipal do Partido Popular non terían por que se escoitar neste Pleno cousas forzosamente serias porque xa está ben, xa se aguantou demasiado.

Traemos a este Pleno a proposición de dúas Medallas da Cidade e unha serie de distincións de Vigueses Distinguidos; eu quero referirme un pouco a todos.

Propóñense dúas Medallas da Cidade. Isto ten unha historia que empezou porque a algúns, coido que a todos, non nos gustou determinado aspecto de formas de facer unha proposición da Rede de Mulleres Veciñal contra os malos tratos. De acordo, pero non nos podemos abeirar nunha cuestión de formas para seren quen de recoñecer que dende logo é a proposta axeitada no momento axeitado en que obviamente é perfectamente valedoiro, diría que case necesario facer o recoñecemento a unha organización dese tipo.

Se había un acordo previo de facer unha nominación da Medalla da Cidade que nos gustara a todos a solución era moi fácil, é a que está hoxe enriba da mesa: dúas Medallas da Cidade e non habería problema. O que está claro é que cando se escoita falar de falla de soleira dunha organización que só ten tres anos como se o pedigree fose necesario adquirilo logo de moitos anos, cando en realidade os malos tratos ás mulleres, a violencia de xénero é un problema dende logo moi antigo pero que ten unha resonancia social nos últimos anos porque anteriormente se resolvía coa muller calada recibindo os malos tratos na casa. Felizmente avanzamos, felizmente hoxe é un problema social de todos e temos que o abordar todos unánimemente.

Pero eu xa non estou convencido de que o Partido Popular crea nestas cousas, xa non sei cando finxen o que non son, cando son hipócritas, se cando agarran á pancarta contra a violencia de xénero ou cando se negan a dar unha Medalla da Cidade á Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos; cando defenden de palabra e apoian moitas mocións a prol da igualdade da muller ou cando quedan

sós absténdose nunha lei no Parlamento na que se aproba a igualdade efectiva entre mulleres e homes. A verdade é que xa non sei cando finxen vostedes o que non son.

É lamentable que a unha concelleira da Muller non se lle escoitase neste Concello de Vigo cando se fai o aldraxe de lle negar á Rede de Mulleres Veciñais os méritos suficientes para seren Medalla da Cidade de Vigo. É asombroso que neste Concello, cunha alcaldesa muller, iso si, unha Alcaldía bicéfala, sae o voceiro a insultar substituíndo a esa muller falando de falla de soleira, de pedigree democrático. Lamentable.

Por suposto que tamén apoiamos a outra Medalla da Cidade. Esperamos que ese recoñecemento da Policía sirva para que vexamos un traballo máis eficiente, mellor dirixido politicamente da Policía Municipal que obviamente satisfainos moito que sigan traendo moitas medallas de Adelaida, pero tamén os queremos ver moito máis na rúa contribuíndo a un mellor Vigo.

Estamos no tema quizais crucial dos Vigueses Distinguidos. Eu onte tiven a sorpresa de escoitar unha entrevista ó voceiro do Goberno nunha emisora desta cidade. Quedei asombrado, non daba crédito ó que estaba escoitando. Para empezar o Sr. Figueroa preguntábase por que se facía agora a distinción da memoria histórica logo de tantos anos de gobernar socialistas, BNG, etc., por que agora? Voullo explicar e en termos do debate na máis alta instancia democrática da Nación que é o Congreso de Deputados porque no ano 2005 é cando se fai a proposición e no 2006 cando a repetimos estabamos precisamente declarando ese ano como Ano da Memoria Histórica porque se entendía que case 30 anos despois de aprobar a Constitución de 1978 había razóns dabondo para non seguir esquecendo ós represaliados da guerra civil e dos que loitaron por traer a democracia.

Vou ler algo da exposición de motivos desa lei: "Nada queda na sociedade española do enfrontamento civil porque consciente e deliberadamente se quixo pasar páxina por non revivir vellos rancores, resucitar odios ou alentarse desexos de revancha, porque se puxo a concordia na transición por riba de todo, pero o perdón que iso supuxo non pode supoñer o esquecemento senón unha reconstrución común do noso pasado sen vinganzas e sen aperturas de feridas, pero dende logo a reconciliación que acadamos non se compadece co esquecemento dos homes e mulleres que morreron ou sufriron a represión polo sinxelo feito de defender os

mesmos valores de liberdade e de democracia que hoxe gozamos. Unha reconciliación con amnesia, ou con esquecemento non é unha completa reconciliación”.

O asombroso é que cando no ano 2006 se declarou este ano como ano da Memoria Histórica, facíase tamén abeirándose nun acordo dunha data moi significativa, era 20 de novembro de 2002 cando gobernaba o Sr. Aznar e o Partido Popular. No Congreso dos Deputados aprobouse por unanimidade nesa data, co Partido Popular incluído: “O deber da nosa sociedade democrática de proceder ó recoñecemento moral de todos os homes e mulleres que foron vítimas da guerra civil española, así como de cantos padeceron máis tarde a represión da ditadura franquista, instando a calquera iniciativa promovida polas familias dos afectados que se leve a cabo en tal sentido, sobre todo no ámbito local e que esas iniciativas reciban o apoio das institucións”. Votado polo Partido Popular tamén, señores; era o ano 2002, aínda non se tiraran ó monte, non entraran na política da crispación contra o Goberno que está facendo máis por avanzar polas liberdades e o recoñecemento da igualdade neste País logo de moitos anos.

Pero lle escoitei outra cousa ó Sr. Figueroa que foi o que menos entendín, dicía que aquí só se propón recoñecer a un determinado bando, dicía “que lle parecería se eu lle propuxera que se recoñecera ó outro bando?” Xa estamos cos bandos, só escoitalo asústame. Pero, que se pode defender do outro bando?

Voulle dicir algo moi claro, Sra. Alcaldesa da cidade de Vigo. En Vigo, en Galicia non houbo guerra civil, houbo exclusivamente un alzamento de militares apoiados por falanxistas e outras dereitas que fixeron o que todos sabemos. Sei que non lles gusta que falemos dos mortos en Iraq, din vostedes que é un tema pasado de moda e hai mortos todos os días en Iraq, pois lle vou ler algo: “O Capitán Carreró proclamaba na Porta do Sol o estado de guerra, Lavadores e Vigo, todos os seus habitantes perdían a paz. 2000 persoas foron asasinadas na comarca viguesa, centos de encadeados, centos de exiliados, centos de escapados, violacións, mulleres rapadas. Moitas familias non puideron chorar ós mortos, moitos tiveron que esquecer as súas historias para salvar ás súas familias. 40 anos de silencio”. Isto foi en Vigo o alzamento nacional, só houbo vítimas dese lado.

A min aínda se me pon a carne de galiña cando penso niso e máis cando vexo como nesa bancada rin cando estamos a falaren destas cousas e como a presidenta non esixe un respecto do que estamos a falar que é moi grave, absolutamente grave.

O meu pai podería ser un dos que está nas fachadas das igrexas que son do bando do que fala o Sr. Figueroa, o meu pai era galego e para a súa desgracia tivo que iren cara outros frontes en España, no bando chamado nacional. Podería ter morto e estar nesas fachadas das igrexas. Os outros, os que realmente sufriron o alzamento nacional non tiveron a máis mínima oportunidade de recoñecemento. É o que estamos pedindo hoxe.

Voulles pedir unha cousa, quixen seren especialmente duro nesta primeira intervención pero lles vou pedir por favor que teñan un pouco de humanidade. Se non votan a favor da proposta da Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica seguirán vostedes ofendendo á súa memoria, estarán dando o moi baixo nivel dende logo político, digno da extrema dereita, pero tamén estarán dando vostedes o baixo nivel ético, cívico e moral ó que xa nos teñen acostumados neste tema. Hai que esqueceren o rancor pero non se pode esquecer o que aconteceu nesta cidade e xa lles lin moi brevemente algo diso.

Non fagan vostedes unha especie de rancor ó revés negándose ó recoñecemento da dignidade das vítimas do 36. Estoulles pedindo que nin sequera se absteñan, que voten a favor polo seu ben. Esa distinción é a reparación mínima que lles debemos ás persoas que sufriron persecución polas ideas democráticas que din vostedes defender; o mínimo que podemos facer.

Hai máis propostas. O Grupo municipal Socialista vainas aprobar todas porque entendemos que son Distinguidos persoas ou colectivos que amosaron sobradamente o seu traballo por Vigo e a súa dedicación á nosa cidade e coidamos que todos deben seren votados por unanimidade. A ninguén lle cabe na cabeza que, por dicir unha persoa, Carlos Núñez non sexa votado por unanimidade neste Pleno, o asombroso é que aínda non sexa Vigués Distinguido nesta cidade, témolo que votar unanimemente. O asombroso sería que non votásemos a ASPANAEX ou a calquera outra das institucións, pero tamén é asombroso que non se vote por unanimidade á Asociación Pola Memoria Histórica.

Algunhas propostas do Partido Popular gústanos máis que outras, pero hai algo que nos doe especialmente, hai dúas propostas de colexios privados, unha ten

xustificación: 50 aniversario do Colexio Miralba. A outra fai moito pola cidade, pode ser tamén unha proposta moi ideolóxica do Partido Popular pero é perfectamente aceptable.

O que non é aceptable é que se esquezan vostedes amosando unha vez máis a súa ideoloxía dos centros públicos, do ensino público; iso non é razoable, hai dúas propostas de colexios privados e cero de centros públicos ou de algo referido ó ensino público. Dende logo estamos convencidos de que o ano que ven iso se vai resolver porque haberá outra Alcaldía que porá tamén as cousas no seu sitio.

De novo pídolles que nin sequera se absteñan, que votemos mesmo globalmente. Non o falei co resto dos grupos pero coidamos que o de votar individualmente proposta a proposta sería perfectamente válido, democrático, pero eu lles pediría que tiveran a vontade, non vou poñer outro adxectivo, de que se votara todo globalmente porque ademais así quedaría moito máis claro que estamos todos por esta cidade.

SR. FIGUEROA VILA: Nós imos facer unha intervención axustándonos ós termos no que se produciron os últimos acontecementos.

Estábaos escoitando e de verdade que hai intervencións que respecto porque cada quen pode ter o seu posicionamento, pero hai algunhas que realmente, se quixera defender os argumentos que defenden os tres grupos da oposición logo dos escoitar, aínda que tivera as mesmas teses sentiríame avergoñado polo que se dixo hoxe neste Pleno. Hai intervencións que hai que respectar porque cada quen ten o seu posicionamento sobre un tema, neste caso un tema que está confundido, que se está tentando mesturar.

Coido que a estratexia está perfectamente definida. Aquí hai un grupo que falou única e exclusivamente da Memoria Histórica, non lle preocupou absolutamente nada máis, isto quere dicir que está claro que se está tentando provocar a outro grupo da Corporación. Outro grupo dixo que tiña unha estratexia en marcha e téñoos que felicitar porque politicamente é certo, Sr. Toba, vostedes puxeron unha estratexia política de confrontación en marcha. Perfecto, é asumible, pero tamén o ten que recoñecer. Esa estratexia significa que unilateralmente fan unha proposta de Medalla da Cidade sen consultar con ningún grupo política, cuestión que xamais na historia desta cidade produciuse unha proposta unilateral dun grupo para

propoñer a concesión da Medalla da Cidade de Vigo. Vostede acabao de dicir e paréceme nobre que dixera que puxeron unha estratexia política en marcha. Haia que respectar pero iso quere dicir que logo de vinte anos vostedes son os que rachan o posible consenso.

Segunda cuestión. Vostede explica nunha Xunta de Voceiros esa estratexia que pon en marcha e nesa Xunta de Voceiros na que eu estaba presente ninguén a apoia senón que pola contra se di que xa hai unha proposta dunha Xunta anterior para lle conceder a Medalla da Cidade á Policía Local. Saímos desa Xunta e vostedes escenifican diante da opinión pública a posibilidade dun entendemento dos tres grupos políticos para conceder a Medalla da Cidade; dous grupos din que ten que ser á Policía Local porque é certo que hai un acordo dunha Xunta de Voceiros.

Cando se trata de poñer en marcha a concesión das Medallas da Policía, que non a Medalla da Cidade para a Policía, alguén di con bo criterio que non sería conveniente que un corpo como o da Policía tivese medallas propias e que sería bo que, xa que cumpren o 125 aniversario, se lle concedera a Medalla da Cidade. Iso quedou no esquecemento, ninguén o propuxo máis e quedou aí. Saímos desa Xunta sen acordo porque había unha proposta do BNG da Rede de Mulleres Maltratadas e outra do Partido Socialista, do Partido Galeguista e mesmo tamén asumida polo Partido Popular de que como había un acordo anterior concederlle a Medalla da Cidade á Policía Local. Esta é a realidade dos feitos.

Logo de saíren vostedes un medio de comunicación me pregunta que penso de que os tres grupos políticos vaian facer unha proposta conxunta. Quede sorprendido e pensei que eu estivera noutra Xunta de Voceiros. Vostedes escenificaron a posibilidade de buscar un acordo para a concesión da Medalla da Cidade. Ó día seguinte reúnense e acordan conceder dúas Medallas da Cidade e nomear catro Vigueses Distinguidos. Ese é un acordo que se produce á unha da tarde en que os mirei saír do despacho da Xerencia de Urbanismo. As 5,30 da tarde chámame un xornalista e pregúntame que ten que dicir o grupo popular sobre a proposta que acababa de facer o Sr. Caballero, candidato do Partido Socialista, sobre que a Medalla da Cidade se lles dea á Rede de Mulleres, á Policía Local, a dona Concha Nogueira, a dona Victoria Iglesias, a don José Francisco Armesto e a don Carlos Núñez. Quedamos totalmente sorprendidos de que o candidato do Partido Socialista fixera a proposta en nome de todos os grupos da oposición sobre as Medallas da

Cidade e a concesión de Vigueses Distinguidos e fixérao público. Teñen que comprender que nos preocupe que un candidato domine ós tres grupos políticos, non sei se teñen xa un acordo, un pacto ou non, se é así é mellor que se presenten ás eleccións xa cunha única sigla.

Ó día seguinte nos medios de comunicación lemos: “Liorta na oposición, un pacto que durou á penas seis horas”. Aquí dinse de todo, podemos ler o que di o Sr. Toba do Sr. Calviño: “É o mariachi dun cantor de rancheiras de segunda B e amosou unha actitude covarde e servil sen se atrever sequer a pedir desculpas”. Isto dino vostedes, eu non estou inventando absolutamente nada, menos bonito chámase de todo.

Como entón xa non lles preocupou que o candidato do Partido Socialista fixese oficiais as propostas de Vigueses Distinguidos e da Medalla da Cidade trasladan a escenificación á petición dun Pleno que vostedes articulan como Medalla da Cidade pero alguén pregunta á Secretaría, o secretario vai ó regulamento e dáse conta que os Vigueses e Viguesas Distinguidos poden ser de Pleno; iso é casualidade porque eu tamén tiña esa información antes que vostedes porque preguntei o luns ás 8,30 da mañá. Ocorre entón que vostedes fan algo que durante vinte anos ninguén se atreveu a poñer en marcha única e exclusivamente para escenificar un enfrontamento co equipo de goberno. Non lles preocupa a vostedes nada nin as Medallas, nin os Vigueses Distinguidos e pensan que se é un tema de Pleno se pode seguir amolando ó goberno meténdolle á Asociación Pola Memoria Histórica. Perfecto, é unha estratexia política de enfrontamento pura e dura.

Pero hai acordos anteriores e aquí alguén vai quedar mal parado porque o acordo dos Vigueses e Viguesas Distinguidos tómase nunha Comisión de Goberno do 14 de marzo do ano 1988 presidida polo Sr. Soto, onde se di claramente que os Vigueses e Viguesas Distinguidos se darán en Comisión de Goberno. Pero hai máis, no ano 89 o Sr. Costas Abreu a quen teño que mencionar porque era concelleiro daquela e que é un bo xurídico, presenta unha moción na que se di que segundo o Regulamento de honras e distincións os Vigueses e Viguesas distinguidos teñen que seren de Pleno. O Sr. Secretario daquela, Sr. Rodríguez-Sabugo, fai un informe e di que os Vigueses e Viguesas Distinguidos se poden dar pola Comisión de Goberno. Pero esta moción rexéitase porque quen vota en contra é o Partido Socialista que como

governaba daquela di que a concesión de Vigueses e Viguesas Distinguidos é da Comisión de Goberno.

Este é un acordo do 31 de marzo do ano 89. O Sr. Costas presenta a moción, vota a favor a daquela Esquerda Galega, o Partido Popular abstense porque considera que é unha decisión que debe tomar o goberno e o Partido Socialista vota en contra daquel acordo.

A partir de aí se seguen producindo os acordos a través da Comisión de Goberno e logo da Xunta de Goberno como adoitaban producírense. O procedemento era o seguinte: tentar chegar a un acordo coas Medallas da Cidade e logo eses acordos facíanse públicos e traíanse a Pleno. O nomeamento de Vigueses Distinguidos dende sempre por decreto do alcalde se trasladou á Comisión de Goberno e esta tomou a decisión. Polo tanto no procedemento o goberno desta cidade actuou de xeito impecable como se viña facendo con anterioridade.

Pero claro, chega este ano, dous meses antes das eleccións e alguén pon a estratexia política en marcha; un grupo presenta unha moción de xeito unilateral que non coñecen os demais grupos que propoñen á Policía Local e a partir de aí é como nacen as dúas Medallas da Cidade, o nomeamento dos Vigueses Distinguidos que presentan tres grupos e máis o que propón o goberno.

Logo xorde a convocatoria do Pleno e nós queremos que os medios e os cidadáns saiban que, coa lei na man como alguén di que temos que cumprir, poderíamos convocar este Pleno para o 4 de abril, logo da celebración do día da Reconquista que será este venres. Polo tanto, se nós quixéramos actuar con trécolas políticas convocariamos o Pleno para o 4 de abril, entregaríamos os galardóns de Vigueses Distinguidos o venres e logo cada quen actuaría en consecuencia segundo o que coidase máis axeitado. Dende logo nós non incumpriríamos a lei porque o informe do Secretario non está enriba da mesa ata o luns ás 12 da mañá que foi cando retiramos da orde do día da Xunta de Goberno a concesión de Vigueses e Viguesas Distinguidos.

Polo tanto esa é a actuación transparente deste goberno que quere que se produza un debate ó que non lle temos absolutamente ningún medo e por iso estamos nesta Corporación. Semella que os que non están actuando libre e democraticamente son outros porque nós aceptamos o que saia deste debate do Pleno da Corporación. O Pleno da Corporación é a representación de todas as vontades da sociedade



viguesa e por suposto que as pode haber dun ou doutro signo, posicionamentos diferentes e coido que iso non lle ten que rachar as vestiduras a ninguén; con absoluta tranquilidade, facendo un debate político que coido ten que estar á altura do que merece a cidade e para iso é para o que hoxe nós vimos aquí, ó Pleno da Corporación, a debater os posicionamentos políticos da representación da sociedade viguesa.

Pero cando analizamos que só hai un grupo que fala da Asociación para Memoria Histórica, que é única e exclusivamente o que lle preocupa, entón a nós evidentemente nos deixan fóra de xogo porque aquí vimos falar dos Vigueses e Viguesas Distinguidos e das Medallas da Cidade. Como comprenderán vostedes hai proposta a concesión de dúas Medallas da Cidade, á Rede de Mulleres Veciñais que xamais ningún membro deste goberno tomou posición en contra e coido que se hai unha persoa que fixo unha defensa clara da Rede Veciñal contra os Malos Tratos é a concelleira da Muller, dun xeito claro, non digo que sexa a única porque tamén hai máis persoas que apoiaron a este colectivo. Polo tanto gustaríame que, aínda que non se van retirar as descualificacións que se lle fixeron á concelleira da Muller, si polo menos que quede constancia en acta de que son falsas, non son certas e que o único que se pretende unha vez máis é a manipulación da opinión pública. Alguén fixo iso. Nós coidamos que o traballo feito por este Goberno e pola concelleira de Muller é excelente.

Con respecto á Policía Local tampouco temos absolutamente ningún inconveniente en apoiar esta proposta porque como explicaba xa era unha proposta da Xunta de Voceiros.

Con respecto ás demais propostas que fai a oposición: a don José Francisco Armesto Faginas non é só que non teñamos inconveniente, senón que tamén está na nosa proposta. Con don Carlos Núñez tampouco hai inconveniente. Con respecto a dona Concha Nogueira falarei logo ó remataren a segunda parte da miña intervención.

Por suposto que nós tamén imos facer a presentación dos Vigueses Distinguidos que propuxemos ó Pleno: Aimen, Aloya, Aspanaex, Carpa, Centro Oceanográfico, Colexio Miralba da Congregación "Hijas de Jesús", doutor Jenaro Borrás, Liceo Marítimo de Bouzas e por suposto don José Francisco Armesto Fanginas.

O que lles importa ós cidadáns é que realmente aquí se poida debater libremente e que se concedan as Medallas da Cidade e o título de Vigueses e Viguesas

Distinguidos que cada grupo político coide oportuno, pero o que non podemos é permitir as acusacións dalgúns grupos con respecto ó posicionamento do Partido Popular sobre a Asociación pola Memoria Histórica.

Nós pensamos que este debate é un erro de posicionamento porque o que a sociedade é o presente e o futuro. Estas iniciativas coido que están nos antípodas dos que foron artífices da transición. Neste País houbo unha transición modélica apoiada absolutamente por todos, un pacto constitucional reflectido na Constitución do ano 78 que é o fiel reflexo do que queremos os cidadáns e cidadás de España, de Vigo e penso que de todo o Estado. Queremos que ese pacto, esa transición nos sirva a todos para que dende a reconciliación e a concordia poidamos buscar unha esperanza dentro dese futuro que todos queremos de liberdade e de convivencia en democracia. Iso é o que pretendemos unha parte importante desta sociedade, que a transición e o pacto constitucional do ano 78 nos sirva a todos para pecharen as feridas abertas nun momento determinado e para que dende a concordia se abra un camiño de esperanza cara ó futuro. Coido que iso é o que quere a maioría da sociedade, a xente de ben, o que queren persoas que queremos mirar cara o presente e cara o futuro.

Pero aquí si que hai outras persoas que non queren iso, queren remexer e manipular a historia, volver confundir coa historia e revivir situacións do pasado que o único que nos leva é á busca do enfrontamento e a manipulación, a buscar dun xeito claro que isto zumegue odio por todos os lados, que se revivan momentos do pasado que para o único que serven é para buscar visións parciais dunha realidade, dunha situación que dividiu a este País.

Iso dende logo é o que o Partido Popular non quere baixo ningún concepto e os membros que estamos nesta parte do Pleno tampouco. Seguramente a vostedes electoralmente lles conveña e lles interese poñer en circulación todos os cualificativos que queiran con respecto ós membros que formamos este grupo.

Non nos consideramos nin da extrema dereita, nin do centro dereita; temos un partido centrado, seguramente un partido con moitos máis valores progresistas que os dalgúns que están nesa bancada, non digo que de todos pero seguramente dalgúns si e estou totalmente convencido, ademais o demostramos coas nosas actitudes, coa nosa vida persoal e con outras moitas cuestións que agora mesmo non veñen ó caso.

Vostedes lían unha declaración que se produciu no Parlamento español o 20 de novembro de 2002, leron a parte que lles interesaba pero eu lles vou ler as tres conclusións daquel acordo unánime de todos os grupos que formaban o Parlamento estatal o 20 de novembro de 2002 cunha anotación, gobernando o Partido Popular con maioría;. Aquela declaración dicía: “Ninguén se pode sentir lexitimado como aconteceu no pasado para utilizar a violencia coa finalidade de impoñer as súas condicións políticas e establecer réximes totalitarios contrarios á liberdade e á dignidade de todos os cidadáns o que merece a condena e o rexeitamento da nosa sociedade democrática”. Segundo: “Que resulte conveniente para a nosa convivencia democrática manter o espírito de concordia e de reconciliación que presidiu a elaboración da Constitución de 1978 e que facilitou o tránsito pacífico da Ditadura á democracia”. Terceiro: “O deber da nosa sociedade democrática de manter o recoñecemento moral de todos os homes e mulleres que foron vítimas da guerra civil española, así como de cantos padeceron máis tarde a represión da ditadura franquista”.

Coido que nesa declaración está perfectamente resumido o espírito do que queremos os demócratas, as persoas que entendemos que temos que mirar cara ó presente e cara ó futuro para seguir nun país en liberdade, en democracia e que cada quen poida manifestar a súa opinión pero sen buscar o enfrontamento, a provocación permanente como fan algúns grupos políticos co Partido Popular.

Non imos entrar nas descualificacións, nas provocacións, só imos manter a nosa postura que está baseada nunha transición exemplar que se fixo neste País e no pacto constitucional do ano 78. Iso é o que ten que ser o noso futuro, o motivo que nos guíe a seguir traballando na mesma dirección que o facemos dende o no noso partido.

Temos claro o noso posicionamento. Coido que nesta cidade, e aquí amósase unha vez máis, algúns tiveron case 25 anos para facer esta proposta pero lémbrense agora que atopan un goberno en minoría. Iso chámase covardía política porque tiveron un mecanismo que se chama moción de censura para gobernar nesta cidade, non tiveron valentía, non tiveron o que hai que ter, pero tampouco tiveron máis.

Algún secretario xeral e algún candidato din que esta cidade leva trinta anos perdidos, iso di o candidato do Partido Socialista pero se esqueceu de que eles

governaron aínda que seguramente a algún alcalde nin o consideran, ó mellor mesmo o menosprezan aínda que estaba nas súas siglas. Nesta cidade si que gobernou o Partido Socialista durante moitos anos, o Partido Socialista tivo a oportunidade do recoñecemento á Asociación pola Memoria Histórica, si que puido poñer en marcha mecanismos plenarios para que non houbera ningún problema en conceder as Medallas a través das comisións ou das xuntas de goberno e si que algúns se esquecen do tempo que gobernou o Partido Socialista. Ou renegan dos seus candidatos e das persoas que representaron ó Partido Socialista nesta cidade, ou algún ten a memoria moi fráxil.

Pero o lamentable de todo, o máis importante seguramente para os vigueses e as viguesas é que os tres grupos da oposición que teñen unha maioría cualificada, suficiente, absoluta non foran quen de se poñer de acordo para temas importantes desta cidade, para aprobar os orzamentos, o Plan Xeral unanimemente, o Plan Parroquias e moitos temas que precisa esta cidade e así demostrouse no Pleno. Só se poñen de acordo para amolar ó goberno, para confrontar co goberno, para o descualificar, para querer deixar ó goberno e escenificar diante da opinión pública unha derrota nun Pleno.

Pola contra este goberno está moi orgulloso de que veña un secretario xeral dun partido e que diga publicamente que por culpa dos seus e dos outros está gobernando o Partido Popular na cidade de Vigo. Debería ser lamentable que alguén poida dicir isto. Dixo que o mérito foi o demérito dos grupos da oposición. Iso di un representante do Partido Socialista ó máis alto nivel.

Os cidadáns teñen perfectamente claro que, como dous ou tres partidos pretenden gobernar esta cidade se non son quen de se poñer de acordo nos temas máis fundamentais como é botar a un goberno de dez concelleiros porque hai un mecanismo que se chama moción de censura e non lle deixar gobernar para gobernar eles. Supoño que se os cidadáns perciben isto daranse de conta do que teñen que facer nos vindeiros comicios electorais.

O triste, o que lles hai que dicir ós cidadáns é que estes tres grupos da oposición se poñen de acordo para tentar xerar a polémica co outorgamento da Medalla da Cidade e os nomeamentos de Vigueses Distinguidos. A pregunta que nos facemos algúns é, por que non se puxeron de acordo para facer unha moción de censura, para gobernar esta cidade? Por que nesta cidade todos os candidatos que se

presentaron tiveron que marchar agás dous? A maior parte dun grupo político tivo que marchar cara outros lugares porque non tiña acubillo? Por que os orzamentos non se puideron aprobar? De tres orzamentos só hai un aprobado. Por que o Plan Parroquias non está aprobado? E o máis triste de todo é que non son quen de montar unha alternativa, montan esa alternativa para nomear Vigueses e Viguesas Distinguidos á Asociación para a Memoria Histórica do 36.

Ese é o grande acordo, o grande pacto dos tres grupos da oposición nestes tres anos; foi o único acordo dos tres grupos da oposición, estivo ben orquestrado aínda que con interferencias que tamén as houbo no medio. A ver quen dos tres se atribúe o rédito electoral do conceder; seguramente ó mellor tamén lle querén entregar os tres a Medalla no acto do venres, pode ser unha escenificación auténtica do que foron estes catro anos do BNG, do Partido Socialista e do Partido Galeguista. Señora alcaldesa, eu deixaríalles que concederan os tres grupos os Vigueses e Viguesas Distinguidos para que o escenifiquen diante da cidade de Vigo, coido que sería un bo exemplo do que fixeron estes grupos políticos durante catro anos.

SR. SOTO FERREIRO: Naturalmente que é certo que eu fixen unha intervencións sobre a Memoria Histórica e non quixen falar dos demais temas porque temía que saíra o que acaban de sacar todos vostedes e eu non comparto: unha Medalla de cada quen. Eu quixen facer un acto co-responsable entre todos para dar honras. O Partido Galeguista non lle vai negaren honras a ninguén aínda que hai propostas que non nos gustan pero que non vou dicir.

Asumo a co-responsabilidade de dar honras e distincións e non lle querer poñer aldraxes ó carón de ninguén, cousa que vostedes foron incapaces, por iso eu defendín ós que vostedes aldraxan. Quixen poñer o meu acento para defenderen a quen vostedes desprezan coa súa actitude política e non quixen entrar nos demais. Tampouco me gustaron algunhas das intervencións de todos os grupos, dígoos con moita xeneralidade e pasando por enriba. Non me gustou a actitude patrimonial de dicir a quen propuxo cada quen; eu non vou dicir a quen propuxen excepto nun caso.

Sra. Alcaldesa eu quérolle agradecer que hai moitos meses, estando malo o Sr. Armesto, fixéronlle a proposta á Alcaldía para que fose Vigués Distinguido e quérolle

agradecer que o aceptase. Quero explicar tamén que non se trata de lle dar distincións a persoas mortas, cousa que non se debe facer e coido que todos os grupos de acordo, senón porque había *in pectore* xa un acordo do dar cando estaba vivo e morreu antes do que esperabamos. Só iso llo quero agradecer, señora alcaldesa. Doulles ós demais a explicación porque aínda que xa o saben os demais grupos, non a cidadanía.

Independentemente de que nos gusten máis uns nomeamentos que outros, Sr. Figueroa, o que dixen do Sr. Caballero poderíao repetir, foi unha actitude para min desprezable de se querer atribuír méritos de temas que non lle corresponden para nada, de querer terzar nunha polémica na que realmente non é competente, non lle toca e de non saberen estar á altura das circunstancias. Así de claro, non teño por que entrar máis aló, abonda.

Tampouco me gustou a proposta que fixo o Bloque polos xornais e xa o dixen, non o teño que repetir. Por certo, espero para o futuro que ninguén fagamos o mesmo. Pero iso non quere dicir que a proposta se teña que desprezar polo feito de que a forma non fose a máis axeitada. A proposta e a intencionalidade política de que o tema dos malos tratos debe ser un eixo de traballo esencial desta sociedade, é compartida ó 100% polo Partido Galeguista. Pero déixeme dicirlles co mesmo entusiasmo, de xeito que non pareza que quero facer patrimonial nada, que estou encantado coa Medalla da Cidade da Policía Local, a ver se vai parecer agora que hai Medallas de primeira e de segunda. Por iso eu, Sr. Figueroa, non quería entrar no tema de por que se lles concede a uns ou a outros, seguramente a vostedes gústanlles máis os que propoñen, mesmo dentro das súas propostas gustaranlles uns máis que outros pero lle parece normal o debate asignándolle unha posición a cada quen? Algo máis de sentido, se é que son quen.

Sr. Figueroa, sendo claramente derrotados democraticamente ó ter que vir a este Pleno, vostedes queren converter a derrota en vitoria. Acaba de falar vostede dos orzamentos, do Plan Xeral, do Plan Parroquias... non sei se para distinguir o Plan Parroquias ou os orzamentos, para lle dar a Medalla da Cidade ó Plan Xeral ou por que sacou este tema no debate que se está a producir. Teríalle que lembrar que o Partido Galeguista non votou xamais en contra de ningún dos seus orzamentos? Por que nos quere meter a todos no mesmo saco? Iso é unha manipulación política, iso si que é demagogia; a vostede interésalle a foto.

Xa anticipaba que “están todos contra min”. Non, están vostedes contra vostedes mesmos con esta actitude política. Non quero entrar nese debate, tocárame outro día repetirille que o Plan Parroquias non se aprobou porque vostedes non votaron a favor, senón estaría aprobado e vostede sábeo. Agora póñolle a figura gramática que define cando un sabe unha cousa coma é e di outra, non llo quero dicir para non insultar pero a definición póñalla vostede.

Eu non vou explicar o que se dixo ou non na Xunta de Voceiros, déixolle para vostede, Sr. Figueroa, andar de “*correvedile*” desas cousas, non quero entrar máis aló, non me interesa. A que ven esa demagogia barata de dicir que imos ir todos en coalición? Non é para molestar pero o mellor eu lle podería dicir que se coincidiron vostedes en todos os temas fundamentais co BNG, por que non van en coalición con eles? Iso é tan absurdo como o que di vostede e sábeo. Vostede presenta a mantenta un ventilador de espallar *caralladas* que non teñen o máis mínimo sentido común nin político sinxelamente para fuxir do tema principal e faio a mantenta , que nos coñecemos dende hai anos.

Permítame que lle diga que eu non lle tolero ese tipo de demagogias; nin demagogias como tentar instrumentalizar á Secretaría Xeral sobre se vostede sabía ou non, quen foi primeiro ou quen llo dixo primeiro, non vou entrar nese tema, a min o que me preocupa do informe da Secretaría Xeral é o último e non quen primeiro llo dixo, porque el chega lealmente ás súas conclusións xurídicas e nolas di e iso é o que nos debe interesar a todos. Pero antes non había ese informe legal e vostede, cunha demagogia alucinante, manipula descaradamente o acordo da Corporación. Non lle vou contestar aquí ás declaracións do “alcalde do Portiño”, chámolle así porque quere un porto pequeniño. Si lle vou contestar cando e onde corresponda, aquí non toca.

Síntome orgulloso de ter sido alcalde co Partido Socialista, dígollo unha vez máis, e síntome orgulloso daquel Partido Socialista, polo tanto é unha etapa que eu quero moito. Era unha etapa na que se vivía con democracia plena e con diálogo porque eu governei doce anos en minoría, Sr. Figueroa, por certo que cunha oposición teimuda e rabiosa do Partido Popular, ou non o lembra? Pois entón volva ler vostede a acta que leu, Sr. Figueroa, que só leu unha parte? Voulla lembrar eu.

Naturalmente eu como alcalde actuei en función da legalidade vixente, da que me dicía o secretario xeral daquela que era a legalidade vixente e polo tanto eu non

inventaba ningunha situación, pero vostede que estaba no Partido Popular e o Partido Popular abstivéronse, non votaron en contra aínda que facían daquela unha oposición teimuda e rabiosa. Abstivéronse porque non atoparon motivos de fondo, porque o outro do concelleiro Sr. Costas era unha opinión tan respectable como a de calquera outro. Eu respecto a opinión do Sr. Costas que, por certo, co tempo ata semella que tiña razón; pois moi ben.

Tanto respecto o informe do secretario xeral anterior como o deste e ó mellor, non sei se porque agora está máis actualizado, cando a min me fixeron ler un artigo determinado do ROF pensei que estiveramos todos errados. Por que non o di Sr. Figueroa? vostedes tamén estiveron gobernando e seguiron o mesmo. Tamén houbo un alcalde do Bloque, un do PSOE. Vostede quere dicir que erramos nese tema? Todos, porque había un informe técnico que nos dicía o que nos dicía, non saquemos máis ese tema. Errou un técnico? Si, o único que non erra é Deus que tampouco estou aldraxando a ningún técnico.

Polo tanto, vostede de que vai con ese tema? Pensa que a min me vai sacar algunha cor? Farao vostede a si mesmo que a min ningunha porque cumprín democraticamente o que tiña que cumprir como alcalde. Pero dígolle tamén e quédese coa referencia, que coa oposición que facían vostedes nese tema abstivéronse e tamén coa referencia de que estiven gobernando doce anos en minoría.

Por certo e xa que o cita, xamais houbo nin un só problema en todos eses anos cos Vigueses Distinguidos. Por que o calabán? Vostede non quere que cale eu con algunha das propostas que fan? Pero se me parece ben, esa era unha virtude. Vostedes facían propostas, aceptabámosllas e así pasou durante anos aínda que as propostas duns non entusiasmaban a outros, pero é que ese é o consenso, ou é que o consenso é que un diga si a todo o que lle gusta e ó demais non? As veces vostedes teñen unha concepción moi curiosa do que é o consenso e a democracia.

Di que o Pleno podería ser o 4 de abril pero, para que imos falar do que non foi ou do que puido ser, ó mellor tamén podería ser o día 26, Sr. Figueroa, porque as mocións extraordinarias e urxentes tamén poden entrar nos Plenos ordinarios. Déixolle a reflexión a vostede mesmo porque iso tamén puido ser e non foi, felizmente estamos aquí.



Vostede si presenta o tema do 36 como de enfrontamento, de vinganzas. Vostede pensa, cre ou sinxelamente lle vale como argumento político para as súas teses, para defender a impresentable actitude política do Partido Popular neste tema, para dicir o que di. Non lle vou contestar a ningún deses temas, non lle vou facer o “caldo gordo” e falar de quen foi bo ou malo, sinxelamente quero defender ós inocentes que foron inxustamente axustizados, moitos do bando dos perdedores, algúns tamén dos bandos dos gañadores; moitas persoas, moitas familias que malviviron por aquela sen razón que houbo e tamén como exemplo para lle dicir á sociedade, non con actos vindicativos, pero si falarlle da barbaridade que houbo nalgún tempo neste país cando algúns remataron coa democracia a golpe de fusil, que xamais ocorra iso. Quero discutir con vostede Sr. Figueroa ou con quen sexa toda a vida con argumentos e xamais con ningunha arma e iso deféndese dicindo que houbo persoas inxustamente tratadas. Iso é defender un sentimento democrático de presente e de futuro, amais dunha xustiza reparadora con esa xente.

Temos un dicionario diferente. Vou pedir que editen un dicionario para o PP e outro para outros, díggollo de verdade porque, se vostedes son de centro, de que son eu? Non entendo nada. Se son progresistas, hai, miña nai! Enténdeme? Vouno dicir novamente: Isto semella un carnaval político, xa está ben de se travestir, asuman os seus actos. Están defendendo vostedes unha posición extremadamente reaccionaria que ningunha persoa de centro pode defender, pero están encantados porque pensan que teñen a razón e están sós como partido político no Congreso dos Deputados e no Senado. Están encantados aquí e están sós no Concello de Vigo neste tema.

Segan encantados pero están á marxe da enorme maioría da sociedade e só defendendo as posturas da sociedade máis reaccionaria e extremista deste País, aínda que tamén hai outra doutro lado que tamén lle chega, tamén hai extremistas da chamada parte esquerda pero os que o fan moi ostensible hoxe en día son vostedes. Non lle quero devolver a broma para lle dicir que vaian vostedes en coalición con algunhas siglas de xugos e frechas ou similares.

Vostede nos di que temos 25 anos de covardía política, etc.; poderá dicir que algúns escollemos o camiño da prudencia porque era infinitamente máis importante que ningunha confrontación, entre outras cousas que realmente houbera paz e

concordia neste País. Se nos pode criticar se ese tempo no que estamos agora puido ser antes ou logo, poderíanme dicir que puiden facer isto hai cinco anos, pode ser pero na transición non o faría e tamén llo digo así de claro. É unha escolla política que un ten que facer nun momento determinado, pero agora que estamos nun país tranquilo os únicos crispantes son vostedes permanentemente, son os que están botados ó monte e lamentablemente o demostran neste tema unha vez máis porque non me gusta que haxa un PP así.

Eu sei que non son todos vostedes iguais, sei que hai persoas entre vostedes que son moito máis moderadas e sensatas pero, a quen obedecen esas persoas sensatas e moderadas que hai no PP? Á parte máis reaccionaria dentro do PP. Pois érganse vostedes dentro do PP e non aturen iso que Vigo e España necesitan un Partido Popular de centro dereita normal e consecuente, non hai por que se atribuír o que non son; xa non digo de centro, senón que de centro dereita, pero é que agora vostedes están nunha postura profundamente reaccionaria.

Vostede que na miña opinión segue xogando dun xeito desleal e innobre co falado en xuntas de voceiros, di que lle fagan a concesión de Vigueses Distinguidos á Sociedade pola Memoria Histórica os tres partidos políticos. Pero iso só se producirá se hai desleixo de funcións da señora alcaldesa porque, como ten ocorrido sempre e se vostedes non cambian o protocolo, non sei a opinión dos demais aínda que estou disposto a chegaren a un consenso en calquera tema e neste tamén, non fagamos agora dun tema de protocolo unha guerra absoluta tampouco, pero dende logo si lle digo que o normal ata agora é que sexa a alcaldesa quen entregue esas distincións. Pois que o siga facendo porque ten a plena anuencia e o apoio total do Partido Galeguista para o facer; outra cousa é se vostedes renuncian a facer cousas porque entón xa veremos que facemos. Por certo, sentiríame moi honrado de darlle as honras co partido do BNG e co Partido Socialista ós que vostede aludiu, non teño problema; pero aínda me gustaría infinitamente máis que a honra lla deramos os catro e se esa foto non se produce será porque vostedes non queren.

Son vostedes os responsables deste debate, desta crispación e deste enfrontamento, non os demais. Mírense cara dentro, analícense e cambien de condutas cara ó futuro.

SR. TOBA GIRÓN: Poderíamos dicir que este é un ano especial pero con antecedentes pola responsabilidade de vostede, señora alcaldesa, porque ten uns antecedentes moi especiais que aquí nunca aconteceran. Os antecedentes os sementaron vostedes, señora presidenta, e digo máis, vou personalizar, sementounos vostede cando xa hai dous anos recorrendo a unha trécola que dicía aquilo de que o título de Vigueses Distinguidos dáselles a persoas e non a institucións. Aquí teño a lista proposta por vostede, señora alcaldesa, está fotocopiada dun xornal, nin sequera vou facer o esforzo de contabilizar todas as institucións que hai aquí pero hai dous anos, recorrendo vostede a esa trécola, deixou fóra unha proposta aprobada polo Pleno. Conten vostedes cantas institucións hai na lista que presentou a alcaldesa recentemente, eu só distingo aquí a unha persoa que eu aprecio moito e a outra recentemente falecida, nada máis. Iso si que son trécolas e foron as de seu.

O ano pasado, señora alcaldesa, vostede enganou á Corporación, o 18 de marzo que era venres vostede sacou a súa lista excluindo a proposta que estaba apoiada pola maioría da Corporación e a esa decisión se lle contestou o día 19 de marzo. Foi vostede quen recorreu a trécolas e foi vostede e o Partido Popular quen rachou un procedemento de moitos anos que todos respectabamos, independentemente de que estivera ou non no Regulamento porque preferíamos e queríamos acordos, aínda que nun ano concreto houbera algún nomeamento que obviamente non nos puidera satisfacer porque un acordo significa conceder, ceder e hai que saber facer iso. Pero vostede non quixo nos dous anos anteriores, nin hai dous anos cunha trécola, nin o ano pasado deixando caer un nome da lista conscientemente, señora presidenta, actuando como presidenta do PP e non como alcaldesa; esta é a realidade.

Claro que o BNG viña con estratexia a este debate. Cren vostedes que se van estar burlando permanentemente da Corporación e do Bloque Nacionalista Galego? Sáquense iso da cabeza. Claro que viñamos con estratexia propia, lexitimamente e a estratexia era galvanizar o Pleno da Corporación para lle parar os pés a vostede e ó Partido Popular porque xa estaban subidos no cabalo do autoritarismo en dous anos anteriores e este ano querían repetir pero, apoiándose en que? Nun acordo da Comisión de Goberno do ano 88?

Coñezo este acordo dende hai moito tempo e vouno ler para que se fixen vostedes que acordos se adoptaban daquela e, por favor, non quero responsabilizar a ninguén do pasado pero permite aprender; di: “A Comisión de Goberno, en sesión de 14-03-88, adoptou o seguinte acordo: Fóra do previsto no Regulamento de Honras e Distincións enténdese...” Xa non sigo pero, isto que é? Con razón nos di o secretario o que di, “á marxe da lei”. Claro que se coñecía este acordo, era un acordo máis daqueles que se tomaban e que por sorte este non trouxo máis consecuencias que as da súa propia ineficacia, pero dá igual, aprendamos tamén. Aproveito que o Sr. Figueroa cita este acordo porque, ían vostedes a seguir apoiándose nel? ou nun informe do ano 89 en contra dunha moción presentada polo Sr. Costas, moi ben defendida e que na Xunta de Voceiros do outro día dicía alguén que era un informe “para andar por casa”? Non, era un informe para non saír do salón da propia casa porque créanme que non quero con isto falar do informante, falo en todo caso dunha Corporación que se apoia nese informe porque eu xamais me apoio nos técnicos, apóiome no discurso político e por suposto que os técnicos informan pero o discurso político é o que debe estar diante de todo e temos que asumir a nosa responsabilidade.

Aquí habería que a asumir e é verdade que o BNG este ano non estaba disposto a que o PP e vostede, señora alcaldesa, burlara outra volta á Corporación municipal e pensamos como facer as cousas para provocar unha reacción, con toda a lexitimidade porque foron vostedes os ofensores, foi vostede quen ofendeu á Corporación e a nós cumpríanos lexitimamente sacar adiante un modelo de debate distinto que crebara por completo as costas autoritarias do Partido Popular e da súa presidenta, non da alcaldesa de Vigo.

Di que sabían. Declaracións o día 14 de marzo da presidenta do Partido Popular: “A celebración terá a mesma solemnidade doutros anos. En breve (foi dous días despois) a Xunta de Goberno Local tomará coñecemento dos nomeados (o termo nomeado fai referencia sen dúbida ó programa *Gran Hermano*) que cumprindo a normativa legal serán designados mediante un decreto da alcaldesa”, apoiándose nun acordo manifestamente ilegal. Fíxese vostede, señora presidenta, era tanta a súa decisión persoal autoritaria que sinxelamente daba coñecemento á Xunta de Goberno Local, era a decisión de seu e non se refuxien en regulamentos.

Vostede correu o risco e asumiu a responsabilidade de facer eses nomeamentos pola súa conta que expresa o día 14. Pero hoxe aquí vaise votar outra cousa e a Xunta de Goberno Local vai tomar coñecemento, agora si, está tomando coñecemento neste Pleno do que vai decidir o Pleno da Corporación e o van ter que asumir, van ter que asumir máis, claro que si.

Dise o pasado día 16 de marzo: “Porro rexeitou por completo outorgar dúas Medallas “sería desvirtuar...”, rematou. Señora presidenta, hoxe imos outorgar dúas Medallas, vaise comer vostede as súas declaracións do 16 de marzo porque o Pleno é soberano e nada quedou rematado, todo se vai rematar hoxe aquí porque somos os representantes dos cidadáns.

Claro que tiñamos estratexia pero non de enfrontamento, aí erra, a súa si foi estratexia de enfrontamento durante dous anos consecutivos, foi vostede quen enfrontou a vontade desta Corporación. Esta é a estratexia lexítima de quen non está disposto a que se entronice o autoritarismo do Partido Popular e neste asunto hai tempo que vimos a pata por baixo da porta pero este ano non vai pasar porque non o quere a maioría da Corporación. Vostedes están hoxe aquí porque así o quería esa maioría e non houbo concesións.

É verdade que o Pleno se realiza hoxe pero non foi unha concesión. Díxenlle o outro día ó Sr. Figueroa na Xunta de Voceiros que me daba igual a data de realización do Pleno, sinxelamente hai un prazo legal para o convocar, se o querían apurar que o fixeran porque a min me daba igual xa que o día 26 haberá un Pleno ordinario e este debate estaría enriba da mesa. Díxenlle na Xunta de Voceiros que se preferían vostedes ter non un debate, senón dous debates o día 26 e o día 4 de abril por min non habería inconveniente, sería unha elección de seu, ata poderían convocar un terceiro Pleno o día 6, temos a axenda libre, vostedes verían. Aí tampouco fixeron ningunha concesión, fixeron un cálculo político intelixente: pleno extraordinario o máis axiña posible e tomémonos isto (con perdón) con tabasco e cedo.

O peor do que aconteceu foi a súa actuación no seu conxunto que vai quedar hoxe deslexitimada no Pleno, señora presidenta. Nada quedou rematado o día 16 de marzo e a Xunta de Goberno Local que está aquí sentada vai votar xunto co resto das persoas que formamos o Pleno da Corporación que é onde reside a soberanía da cidade de Vigo.

Unha cousa máis xa para rematar. Eu propuxen o outro día na Xunta de Voceiros mecanismos distintos para solventar a votación. O mecanismo exposto polo Sr. Calviño presentouse alí mesmo e a nós válenos, estaríamos de acordo, non teríamos inconveniente; preferiríamos unha votación conxunta, sería moito mellor para todos e para todas e ademais, como dentro duns dous meses vai haber unha nova corporación, cun goberno distinto e cun talante distinto ó de vostedes se cadra ese acordo con votación conxunta podería permitir que nun xa próximo e distinto futuro a seguinte Corporación puidera reconducir a súa pésima xestión destes anos neste asunto.

Por iso sinceramente outra volta máis adhírome a aquela proposta que discutimos na Xunta de Voceiros e que hoxe verbalizou aquí o Sr. Calviño porque sería axeitada e permitiría que unha próxima Corporación reconducira esta cuestión sen necesidade de votos explícitos un a un como sei que vostedes prefiren. Por parte do noso grupo esa foi unha vontade xa expresada na Xunta de Voceiros e aproveitando a oportunidade que nos oferta o Sr. Calviño, reclamamos o mínimo sentido para facer unha votación conxunta.

Esa posibilidade queda hoxe nas mans do Grupo Popular porque o Grupo Nacionalista está disposto a votar as dúas propostas de Medalla da Cidade e as propostas de Vígueses Distinguidos conxuntamente, pero créanme, sobre todo para non ter que iren a unha votación individualizada e para que nun futuro próximo unha outra Corporación poida reconducir o que vostedes desfixeron.

É unha posibilidade que sinceramente se me alcanza como a mellor e a que tería unha visión de fondo máis eficiente a respecto dos símbolos da cidade, pero agora esa posibilidade só depende da súa propia vontade, expresada esa vontade polo Grupo municipal Socialista, tamén nós estaríamos de acordo, non coido que o Sr. Soto se opuxera a que votáramos todo conxuntamente, coido que depende exclusivamente de vostede.

Agora é responsabilidade de seu e se vostede ordena a votación poñendo primeiro a votación as dúas Medallas da Cidade coa proposta que hoxe está no expediente, se vostedes presentan as súas propostas como un engadido, xa expreso que nese caso nós votaremos favorablemente todo xunto. Logo votamos conxuntamente a proposta e aprobamos por unanimidade, créame que vostede estaría rectificando algo dos erros cometidos; ou se vostede o prefire estaríamos rectificando

conxuntamente este balbordo que non é bo. Ata chego a ese extremo, a que a oposición asuma unha responsabilidade que, compañeiros e compañeiras, non temos pero que non quede por iso. É a responsabilidade de seu, señora presidenta, a nosa disposición é toda para que a votación se ordene de tal xeito. Nada máis, gracias.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Non me vou alongar demasiado na intervención porque coido que o fundamental está dito e a intervención do voceiro do Goberno realmente foi de desculpas de mal pagador polo que non paga a pena incidir demasiado nela, sobre todo nos aspectos trapalleiros ós que nos ten acostumados con ese sacar o ventilador do pasado, etc.

Si teño unha cousa moi clara, porque el fixo unha referencia ó que quere a xente de ben; eu dende logo pódolle asegurar que a xente de ben non quere esquecer, nin seguir agravando, nin insultando, non quere menosprezar ós que sufriron o que sufriron por defenderen unhas ideas democráticas. Iso é o que quere a xente de ben.

Como adoita o Sr. Figueroa, evidentemente lin do 20 de novembro de 2002 o acordo que facía referencia ó que estabamos a falar aquí da reparación das vítimas. El leu dous artigos anteriores que incidían en algo que eu deixei perfectamente claro. Non é necesario insistir en que a transición foi un exemplo de concordia, de reconciliación; iso aceptámolo todos. A transición foi tamén un proceso difícil. Pero trinta anos despois da Constitución, cando a democracia está perfectamente consolidada, o que quere a xente de ben non é esquecer as feridas, o que quere é sacalas á luz para que cicatricen e non volvan suceder feitos como os que aconteceron durante a “longa noite de pedra”; iso é o que quere a xente de ben.

No que leu, vostede parou no punto terceiro, xusto no punto que fai referencia ó “recoñecemento moral de todos os homes e mulleres vítimas da guerra civil, así como ós que padeceron máis tarde a represión da ditadura franquista”. Parou aí pero ese punto terceiro segue “...instamos a que calquera iniciativa promovida polas familias dos afectados que se leve a cabo en tal sentido, sobre todo no ámbito local, reciba o apoio das institucións, evitando en todo caso que sirva para reavivar vellas feridas e remover as ascuas do enfrontamento civil”.

Pero, que máis familia dos afectados que dona Concha Nogueira, presidenta da Asociación pola Memoria Histórica, que no 36 ela e máis a súa irmá Carmiña con tres e dous anos de idade, miraron como afundían o bou Eva onde ían os seus pais. Que máis familia de afectados que ese persoeiro no que, por certo, teño que corrixir ó Sr. Toba; a trécola foi aínda máis grave porque primeiro dixeron que non se recoñecía institución, pero en base a iso propuxemos que fose na persoa da súa presidenta, que fose a nominación a Concha Nogueira e non á institución como volvemos facer nas propostas deste ano, con toda cortesía pola nosa banda para precisamente evitaren que vostedes deran o espectáculo que están a dar.

Sr. Figueroa, vostede falou algo da covardía política, de que non nos poñemos de acordo nunha serie de cousas. A covardía política todo o mundo sabe que foi a de seu que non aprobaron orzamentos durante dous anos por non os ligar á cuestión de confianza, esa foi a covardía política.

Os grupos da oposición poñémonos de acordo neste tema pero, como non o imos facer neste tema que non é de poder, que é unha cuestión de dignidade política, absolutamente ética e xa non temos nin que meter a política polo medio.

Por iso pídolles de novo, dun xeito moi formal e moi ben explicado fíxoo o Sr. Toba, que votemos todo en conxunto, que votemos todos favorablemente as propostas de Medallas da Cidade e de Vigueses Distinguidos porque é a reparación mínima que lles debemos a todas esas persoas que sufriron persecución por defenderen as ideas democráticas. Pero hai algo máis, esta Corporación é herdeira da Corporación Municipal do Concello de Vigo saída das eleccións, que no ano 36, co seu alcalde Martínez Garrido á cabeza, sufriron practicamente todos eles esas persecucións, ou foron fusilados, ou entraron na cadea, ou exiliados.

Sinxelamente por nos considerar representantes do pobo de Vigo en datas moi diferentes ímoslles pedir que reconsideren a súa postura e non lle fagan un agravio máis ó pobo de Vigo.

SR. FIGUEROA VILA: Coido que se fixeron dúas ou tres afirmacións importantes nesta segunda quenda. O Sr. Soto di que el sempre mantivo a prudencia para evitaren o enfrontamento; dio el que non nós, xustificaba que el non fixo nomeamentos cando el foi alcalde con respecto á Memoria Histórica porque coidaba que era mellor seren prudente para evitaren o enfrontamento.



Sr. Soto, collo totalmente ese discurso, por que non é agora tamén prudente para evitaren o enfrontamento? Hai que saber elixir, o momento de elixir é cando vostedes están na oposición e así presentan un enfrontamento pero cando están no Goberno formulan a prudencia. Nós asumimos ese discurso e mantemos a prudencia para evitaren o enfrontamento.

Sr. Toba, sabe vostede que o considero unha persoa intelixente e que comete moi poucos erros políticos, pero acaba de cometer un erro tremendo dicindo que o acordo é manifestamente ilegal porque entón iso significa que dende que se fixeron as concesións de Vigueses e Viguesas Distinguidos, todos eses acordos son manifestamente ilegais. Acaba de sacar un acordo da alcaldesa e os medios de comunicación son testemuñas, dicindo que o acordo é manifestamente ilegal. Estráñame que cometera ese erro porque o que acaba de facer é unha afirmación dicindo que todos os Vigueses e Viguesas distinguidos que se deron ata o día de hoxe son manifestamente ilegais. Iso é grave, coido que é un dos temas máis graves deste Pleno porque nos vai facer ver se eses acordos concedidos de todos os Vigueses e Viguesas Distinguidos ata o día de hoxe foron manifestamente ilegais.

Sr. Toba, eu entendo que cometera ese erro aínda que non sei por que. Co afán de criticar á alcaldesa-presidenta do Partido Popular, que supoño que a moita honra, cometeu un erro dun calado político que pode ter consecuencias moi negativas para os acordos tomados nesta cidade.

Vostede dicía tamén que é un ano especial. Claro que si, é un ano de eleccións, senón as tivésedes en dous meses agora estaríamos falando doutras cuestións. Ademais neste procedemento se ve perfectamente que están aí as eleccións porque hai un candidato que fixo a presentación oficial e foi o voceiro dos tres grupos da oposición, o candidato do Partido Socialista que ademais non foi por unha filtración, deu unha conferencia de prensa para dicir cales eran os candidatos do Bloque, do Partido Galeguista e do Partido Socialista. Señores medios de comunicación, vostedes son notarios da actualidade, digan se é ou non verdade, eu non me invento absolutamente nada.

Con respecto a outras afirmacións, nós pensamos que con estes revanchismos que algún pretende estase cometendo algún erro, que se está dando un espectáculo lamentable e que no fondo deste tema o único que subxace é un sectarismo evidente daqueles que o propoñen. Amosan o sectarismo máis rancio con estas

propostas porque ó final están buscando o enfrontamento, tentar volver a unha revisión de toda a historia desta cidade. Fan isto porque carecen de ideas, seguramente se puxeran proxectos importantes enriba da mesa dos que lles interesan ós cidadáns, non estaríamos discutindo sobre todas estas cuestións que moitos temos superado.

Repito que na transición e no pacto constitucional do ano 78 se superaron estas cuestións para moitos e coido que sería bo que esa superación destes problemas calase na cidadanía e nos grupos políticos pero se ve que por parte dalgúns non, que o único que pretenden é volver ó pasado, reabrir vellas feridas e tentar furgar nunha situación política que se deu na historia que é bo que todos coñezamos para non cometer erros no futuro pero que non é de recibo que se tente buscar ese enfrontamento.

Nós imos votar a favor de todas as propostas agás esta proposta en concreto. Coido que é unha posición que temos clara e parécenos que o máis importante, o máis democrático é que a sociedade representada neste Pleno a través de cada un dos grupos políticos poida manifestar e expresar libremente a súa opinión. Como non podería ser doutro xeito, rematado este Pleno ó acto ímoslle dar a maior solemnidade, imos tentar que este sexa un punto e á parte.

Sr. Toba, en canto a esas afirmacións que fixo vostede en aras de tentar amolar a xestión da alcaldesa, aquí semella que a alcaldesa e o equipo de Goberno cometeron unha absoluta ilegalidade, pois xa que logo é unha ilegalidade que se ven cometendo dende o ano 88, o único que fixo este Goberno foi recoller o procedemento administrativo e os comportamentos que se viñan levando a cabo nesta cidade nos últimos vinte anos, é unha cuestión indubidable é ninguén pode contestar a esta afirmación que estamos facendo no Pleno.

Non queremos abrir ese proceso pero se vostedes fan unha afirmación tan grave, Sr. Toba, pediríalle que retire esa afirmación porque se non o fai quere dicir que todos os expedientes levados a cabo, todos os acordos de Comisión e de Xunta de Goberno foron nulos de pleno dereito. Polo tanto mire na historia que podemos entrar agora mesmo ó faceren unha revisión dos últimos vinte anos de concesións.

Con respecto a que xamais houbo ningún problema coa concesión da Medalla da Cidade e Vigueses e Viguesas Distinguidos, Sr. Soto, vostede sabe que non é certo, pasa que moitos en aras desa prudencia, desa cautela, de tentar que as cousas

continúen co maior consenso posible moitas veces se calaron moitas propostas que non gustaban. Vostedes agora non o fixeron e saberán por que porque aquí se acaba de dicir claramente que foi unha estratexia política premeditada.

Esta proposta non nace dunha improvisación coa mellor intención de lle dar a Medalla da Cidade á Rede de Mulleres Maltratadas, que por suposto nós tamén estamos de acordo e así o imos votar, nunca tivemos dúbida en que este colectivo fose merecedor dun recoñecemento, pero o que está claro é que houbo unha premeditación moi clara dunha vontade política, cunha estratexia definida de buscar unha confrontación co Goberno e máis concretamente coa alcaldesa.

Logo o discurso é trasladar á alcaldesa un sentido reaccionario, etc. o que é mentira. Faise porque a alguén lle interesa politicamente escenificar perante a opinión pública algo que é mentira. Detrás disto o que se traduce é buscar unha rendibilidade electoral pero os cidadáns saben perfectamente cales son os comportamentos da alcaldesa, os do equipo de Goberno, cal é a súa actitude durante todos estes anos e tamén perciben claramente que hai unha idea moi clara de amolar ó Goberno e máis á alcaldesa porque dentro de dous meses hai eleccións. Este é un obxectivo máis que levan vostedes perseguindo dende hai moitos meses.

Entendo que algúns poidan estar nerviosos, que cando saen á rúa escoitan o que din os cidadáns, o que evidentemente non a todos os grupos políticos, pero estou convencido de que a algún grupo non lle senta nada ben porque algún pensaba que as eleccións estaban gañadas sen baixar do autobús, como dicía Helenio Herrera, e coido que algún ten que volver subir para supervisar e tentar nos últimos meses que quedan da carreira electoral facer o traballo que non fixo ou cambiar a estratexia que ata o de agora utilizou.

Ese é o único obxectivo que hai e iso é o que lle temos que trasladar ós cidadáns que saben que esta cidade durante os últimos anos tivo unha relativa paz social e algúns, a través das descualificacións, dos insultos, de buscar postas en escena e confrontacións en temas concretos, tentan que esa paz social remate e que se volva outra vez á crispación e nese camiño nin o Partido Popular nin a alcaldesa van estar porque temos perfectamente claro o que queren os cidadáns: que lles resolvamos ós seus problemas, que fagamos xestións e que este ritmo de traballo e xestión que se levou a piques durante os tres últimos anos se confirme, xa non

agora nestes dous meses que quedan, senón en futuros anos, futuros mandatos. Queren que se actúe pensando neles e non única e exclusivamente en buscar a rendibilidade política dun puñado de votos.

Alá cada quen coa súa responsabilidade. Nesa ruta marcada por algúns nós non imos entrar e imos seguir co noso traballo diario ata o último día que teñamos responsabilidades. Iso é o que procede e así nos imos comportar nestes meses que quedan.

SR. TOBA GIRÓN: Moi brevemente porque fun requirido polo Sr. Figueroa e teño que dicir que non podo retirar nada en razón de que o que fixen foi ler o informe do secretario, por certo que de xeito incompleto porque di: “O acordo transcrito non se debe seguir, é digno de reproche. Ten un imposible encaixe xurídico ó se adoptar como expresamente se indica fóra do previsto no Regulamento de honras e distincións, é dicir, á marxe da Lei, da normativa aplicable, feito inconcibible pois como sabemos, o artigo 9.1 da Constitución Española, os poderes públicos, os concellos tamén (subliña o secretario) na súas actuacións están suxeitos á Constitución e ó resto do ordenamento xurídico, principio de legalidade”. Non podo retirar nada porque sinxelamente citei o informe do secretario.

SR. FIGUEROA VILA: Pois entón ou é nulo ou é anulable.

SR. TOBA GIRÓN: Sra. Presidenta, pedín a palabra sinxelamente para responder a un requirimento do Sr. Figueroa. Reabrimos o debate?

A PRESIDENCIA: Vou pedir un informe ó Sr. secretario por se temos que traer a ratificar todos os vigueses distinguidos concedidos dende o ano 88.

SR. TOBA GIRÓN: Sra. Presidente, é a perla que lle falta a vostede.

A PRESIDENCIA: Teño que pedir un informe ó secretario porque se non son Vagueses Distinguidos teremos que traelo ó Pleno a ratificación. Non nos podemos quedar coa dúbida de que non sexan Vagueses Distinguidos logo de tanto tempo.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Alcaldesa, xusto pedín a palabra para falar directamente ós cidadáns vigueses: as Viguesas e os Vigueses Distinguidos anteriormente están distinguidos consonte ó dereito e á interpretación do dereito que había entón en polo tanto moi ben distinguidos están, todos e todas e cada unha delas. A vontade de montar barullo desta alcaldesa non vai conseguir ningunha outra cousa con respecto ó expediente. Se non sabe disto é que non sabe nin disto nin de demasiadas cousas.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Para informar á Sra. Alcaldesa que na Xunta de Voceiros xa falamos deste tema e xa tivemos un informe verbal do Sr. secretario, obviamente non é definitivo, que deixa o tema perfectamente claro. Como di o Sr. Soto que non se preocupen os Vigueses e Viguesas Distinguidas da cidade dos anteriores anos, non hai a máis mínima dúbida.

A PRESIDENCIA: Como coido que se creou esa dúbida, vou facer o que anunciei para que non as haxa no futuro.

SR. FIGUEROA VILA: Unha cuestión, o que non se pode permitir é que alguén acuse á alcaldesa de facer un acordo de Goberno manifestamente ilegal e logo racharse os vestidos de todos os acordos anteriores. Sres. e Sras. cidadáns: alguén está acusando á alcaldesa e ó Goberno de actuar ilegalmente pero logo os acordos din que son válidos e legais. Que o clarexen.

SR. SOTO FERREIRO: Se quere retírenos a palabra a todos e a todas pero non lle deixe falar ó Sr. voceiro e ós demais non. O seu voceiro neste Pleno está querendo confundir á opinión pública dicindo as cousas que din. Díxenllo antes moi claro e o vou repetir. Eu pedín información ós meus asesores, vostedes non sei se os teñen tamén e naturalmente que respectaría o que diga o secretario xeral de hoxe como respectei o que dixó outro noutro momento. Queren que saia de aquí un titular dicindo que está en dúbida se hai Vigueses Distinguidos anteriores ou non? Négome e por iso fixen a declaración que fixen con contundencia.

Outra cousa é que poidamos opinar se en tempo real e agora mesmo, se se tivera feito o mesmo co informe que hai do outro secretario xeral; entón si que sería un acordo ilegal.

Sr. Figueroa xa sei que só quere montar lea para escapar do tema principal que é o da súa intransixencia. Pois transixa e votemos todos xuntos que sería o marabilloso se queren facer neste tema algo ben por Vigo.

A PRESIDENCIA: En primeiro lugar votaranse as proposicións para Medalla da Cidade e a continuación someterase a votación individualizada cada unha das propostas para a concesión do galardón de Vigueses Distinguidos comezando polas dos Grupos municipais Socialista, do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Galeguista e concluírase votando as oito emendas de engadido propostas polo grupo de Goberno.

#### Emendas formuladas polo Grupo Municipal do Partido Popular:

Conceder o galardón de Vigueses e Viguesas Distinguidos as seguintes persoas e entidades:

- Aimen, Centro Tecnolóxico
- Aloya, Centro Educativo
- Aspanaex
- Carpa, Club As Rodas de Patinaxe Artística
- Centro Oceanográfico de Vigo
- Colexio Miralba da Congregación "Hijas de Jesús"
- Doutor Genaro Borrás Sanjurjo
- Liceo Marítimo de Bouzas
- D. Xosé Francisco Armesto Faginas

(No momento das votacións están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Guerra Fernández, Iglesias Carrera e López-Chaves Castro e a Sra. Garrido González)

## **MEDALLAS DA CIDADE**

### **Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos**

O colectivo xurdiu como resposta ó fenómeno dos malos tratos sendo a primeira rede do Estado Español creada no ano 1998 pola Vocalía da Muller da Federación de Veciños Eduardo Chao. Dende entón a Rede ven desenvolvendo un labor totalmente

desinteresado na loita contra a violencia de xénero a todos os niveis. A Rede ten formado a máis de 220 mediadoras sociais contra os malos tratos. Só no ano 2006 prestou máis de 1.000 servizos e atendeu a 200 novas mulleres.

Propónse o outorgamento de Viguesa Distinguida entendendo que neste ano a Corporación Municipal e a sociedade no seu conxunto deben amosar o maior apoio a aquelas que cada día combaten a violencia que sofren as mulleres.

### **Policía Local do Concello de Vigo**

Nos 125 anos da súa andaina, a Policía Local de Vigo experimentou un desenvolvemento paralelo ao da cidade. O incremento de necesidades e de cambios sociais propiciou unha transformación da primitiva policía garda de tráfico á policía local, co conseguinte aumento de competencias e cunha magnífica adaptación ás súas necesidades.

A cidade coñecedora do profundo quefacer do seu corpo policial, coroa os 125 anos de profesionalidade e entrega á cidade con este nomeamento público que se concreta en cada un dos homes e mulleres deste corpo e axentes en activo e veteranos que non só ordena o tráfico e a seguridade dos cidadáns, senón que prestan a máis importante contribución á mellora do medio ambiente urbano en todas as súas facetas.

**VOTACIÓN DA CONCESIÓN DA MEDALLA DA CIDADE.-** Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Conceder a Medalla da Cidade á Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos e máis á Policía Local de Vigo.

*A continuación a Alcaldía-Presidencia somete a votación individualmente cada un dos galardóns de Vigueses e Viguesas Distinguidos.*

## **VIGUESES DISTINGUIDOS**

### **Concesión do galardón de Vigúes Distinguido a AIMEN, Centro Tecnolóxico.**

Asociación privada sen ánimo de lucro, constituída en Vigo no ano 1967, promovida por un grupo de industriais vigueses de recoñecido prestixio. Inicia a súa andaina na Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Industrial de Vigo, onde permaneceu ata o 20 de outubro de 1995 data na que se trasladou ás súas actuais instalacións de Torneiros.

Nos corenta anos da súa andaina é o primeiro centro de España no coñecemento das tecnoloxías de unión e referente nacional na investigación de materiais e nos seus procesos de transformación. Destacamos a figura do seu director durante 19 anos Armando Priegue Guerra. Os seus obxectivos: prestación de asistencia tecnoloxía e vixilancia na evolución dos mercados, na tecnoloxía, formación e dotación de bolsas e contratos a mozos. A asociación está formada hoxe por 69 empresas.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Conceder o galardón de Vigués Distinguido a **Aimen, Centro Tecnolóxico.**

### **Concesión do galardón de Vigués Distinguido a Aloya, Centro Educativo.**

Institución que reúne unha escola de secretariado, unha escola de hostalería e un colexio que durante 40 anos contribuíu no desenvolvemento da cidade achegando promocións de mulleres profesionais nun proxecto de formación humana e de calidade nun momento no que o acceso aos estudos serios non era tan sinxelo.

5.000 alumnas pasaron polas súas aulas acadando unha porcentaxe de emprego do cento por cento, cun alto nivel de competencia e unha clara vocación de servizo.

A falla de medios económicos non foi obstáculo para que Aloya convertera mulleres en grandes profesionais.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Con quince votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Graña Barcia, Losada Alvarez, Molares Pérez, Polo Lima, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e a Presidencia, e sete abstencións dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Fernández Fernández, Cotobad Tombo, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Toba Girón e Viéitez Alonso,

ACÓRDASE:

Conceder o galardón de Vigués Distinguido a **Aloya, Centro Educativo.**



### **Concesión do galardón de Vigués Distinguido a ASPANAEX.**

En 1962 nace, pola iniciativa do Sr Martinez Foix, a “Asociación de Padres de Niños y adolescentes excepcionales”, adicada a facilitar, inicialmente gardería e axuda a familias con fillos nestas condicións. Posteriormente as necesidades das persoas con discapacidade intelectual obrigan á xunta directiva desta asociación a buscar un futuro para estas persoas, creándose deste xeito un centro ocupacional e un centro de día.

Así mesmo esta asociación trata de sensibilizar á sociedade de Vigo sobre o mundo da discapacidade intelectual, tratando tamén de obter axudas económicas que revertan no mantemento destes servizos.

En máis de 40 anos esta asociación tratou de seguir a desenvolver estas tarefas con outros servizos, mellorando a vida e posibilidades destas persoas con discapacidade.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Conceder o galardón de Vigués Distinguido a **Aspanaex**.

### **Concesión do galardón de Vigués Distinguido a CARPA, Club As Rodas de Patinaxe artística.**

Naceu no ano 1982 para dar resposta á demanda do deporte da patinaxe en Vigo, acadando rapidamente un nivel competitivo que logrou a participación en campionatos internacionais e organizando no ano 2002 o Campionato de patinaxe artística nas categorías *junior* e *senior*. Pero non só o Club Carpa persegue as competicións, senón que está aberto á expansión do deporte da patinaxe en todo o termo municipal e dese xeito adícase tamén á formación humana dos patinadores e intercambios con outros clubs, enriquecendo así a súa experiencia.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Conceder o galardón de Vigués Distinguido a **Carpa, Club As Rodas de Patinaxe Artística**.

### **Concesión do galardón de Vigués Distinguido ó Centro Oceanográfico de Vigo.**

Cumpre este ano 90 anos iniciando a súa evolución en 1917, con idea de se constituír en laboratorio biolóxico mariño adicado aos traballos estatísticos e científicos de pesca e oceanografía.

Na actualidade o IEO é un organismo autónomo con personalidade xurídica e patrimonio propios, que depende organicamente do Ministerio de Educación e Ciencia e se clasifica como un Organismo Público de Investigación segundo a Lei de Fomento e Coordinación Xeral da Investigación Científica e Técnica do 14 de abril de 1986, sendo o seu campo de actividade o estudo da mar e os seus recursos. Adícase ao estudo multidisciplinar do mar e especialmente aos problemas derivados da explotación dos recursos e da contaminación mariña.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Conceder o galardón de Vigués Distinguido ó **Centro Oceanográfico de Vigo**.

### **Concesión do galardón de Vigués Distinguido ó Colexio Miralba da Congregación “Hijas de Jesús”.**

Esta institución relixiosa leva 50 longos anos adicado a actividades de docencia impartindo educación cristiá en zonas urbanas e rurais. Dende a súa fundación en Vigo en 1956, comezou a súa andaina cunha aula de Bacharelato Elemental e paralelamente unha Escola de Maxisterio.

Posteriormente e transformado en colexio concertado do todos os niveis educativos non universitarios, converteuse nun centro en continua evolución que trata de responder ás necesidades das familias que elixen esta oferta educativa. Múltiples xeracións de viguesas acadaron os seus niveis académicos gracias a esta institución que, sen perder o seu carácter relixioso e cunha forte tradición da cidade, é un centro educativo moderno e actual, aberto ao mundo e ao futuro.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Conceder o galardón de Vigués Distinguido ó **Colexio Miralba da Congregación das “Hijas de Jesús”**.

### **Concesión do galardón de Vigués Distinguido ó Doutor Genaro Borrás Sanjurjo.**

Vigués de orixe e de formación. Licenciado en Medicina e Cirurxía pola Facultade de Medicina de Santiago de Compostela, especialista en traumatoloxía e medicina do deporte e rehabilitación. De longa práctica no exercicio da profesión e Xefe dos servizos médicos do equipo Real Club Celta de Vigo, foi médico da selección olímpica de fútbol de 1990-1992 e así mesmo é xefe dos Servizos Médicos da Selección Española dos mundiais dos EEUU, Francia, Xapón e Alemaña.

Co-fundador da Asociación de Medicina Galega do Deporte e da Asociación de Médicos de Clubs, e tamén pai de familia, gran profesional e mellor persoa.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Conceder o galardón de Vigués Distinguido ó **Doutor Genaro Borrás Sanjurjo.**

### **Concesión do galardón de Vigués Distinguido ó Liceo Marítimo de Bouzas.**

O Liceo Marítimo de Bouzas é unha asociación privada e o seu obxecto é a promoción de toda clase de actividades deportivas e culturais, especialmente a vela e a pesca deportivas. Está situado no barrio vigués de Bouzas. No ano 2007 celebrou o seu primeiro centenario, xa que no ano 1907 fundouse o primeiro centro cultural de Bouzas que daría lugar ó Liceo Marítimo de Bouzas.

Na actualidade a súa actividade desenvólvese nunha mariña de 400 amarres e ten unha intensa actividade na vela e na pesca deportiva. Organiza dúas das máis importantes regatas do calendario galego de vela de cruceiro: a Regata Vila de Bouzas e unha Regata de Solitarios e A Dos. Así mesmo, o Liceo Marítimo de Bouzas conta con escolas de vela (lixreira e de cruceiro) e pesca. Anualmente organiza varias competicións de pesca deportiva e tamén un número importante de actos culturais que teñen a súa sede en Bouzas.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Conceder o galardón de Vigués Distinguido ó **Liceo Marítimo de Bouzas.**

### **Concesión do galardón de Vigués Distinguido a D. Xosé Francisco Armesto Faginas.**

José Francisco Armesto, naceu o día de San Froilán de 1945 en Tui. Titulado xornalista pola Escola Oficial e licenciado en Ciencias da Información pola Universidade Complutense de Madrid, Armesto iniciou a súa actividade xornalística na capital de España, para continuala en Vigo, fundamentalmente no “Faro de Vigo”, do que foi director oito anos. Sendo estudante de bacharelato en Lugo coñeceu a Cunqueiro e logo traballou ás ordes deste en Vigo.

Vigués de adopción, foi un verdadeiro polígrafo no máis amplo sentido da palabra. Director da Universidade Popular de Vigo foi un dos máis profundos investigadores da obra de Cunqueiro, poñendo de releve a importancia deste mindoniense universal.

Faleceu no ano 2006.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Conceder o galardón de Vigués Distinguido a **D. Xosé Francisco Armesto Faginas.**

### **Concesión do galardón de Vigués Distinguido a don Carlos Núñez Muñoz, músico.**

Naceu en Vigo en 1971 e comezou a tocar a gaita galega ós oito anos. Ós doce era invitado para tocar na Orquestra Sinfónica de Lorient e en 1989 gravou xunto co grupo irlandés The Chieftains a banda sonora da película A Illa do Tesouro, cos que seguiría colaborando ate ser coñecido como o sétimo Chieftain. Así mesmo Carlos Núñez completou a súa formación no ensino académico obtendo a cualificación de Matrícula de Honra e Premio Extraordinario Fin de Carreira (Cum Laude) no instrumento frauta de pico polo Real Conservatorio Superior de Música de Madrid.

Carlos Núñez Muñoz é un estudoso incansable da música celta e no panorama internacional se lle considera un erudito do tema. As súas investigacións seguen basicamente dúas liñas relacionadas entre si: a orixe da música celta e a súa fusión coas músicas actuais do mundo. O seu interese polo tema levouno percorrer o globo e relacionarse con músicos e artistas dos países que visitou, para logo plasmar os seus coñecementos e experiencias na súa prolífica discografía.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Conceder o galardón de Vigués Distinguido a **D. Carlos Núñez Muñoz, músico.**

**Concesión do galardón de Viguesa Distinguida a dona Concha Nogueira, pola “Asociación Viguesa para a Recuperación da Memoria Histórica”.**

D<sup>a</sup> Concha Nogueira Miguel é unha das centos de viguesas que sufriu nas súas carnes as consecuencias da ditadura do xeneral Franco. Cando tiña tres anos, un máis que a súa irmá Carmiña, perderon ós seus pais cando estes, acompañados de sete compañeiros máis, trataban de abandonar o país ao bordo do bou Eva.

As irmás quedaron ao coidado dos seus avós e tíos paternos e aos doce anos Concha gañou o seu primeiro diñeiro dando clases a rapaces máis pequenos. Conseguiu chegar ser secretaria e uns anos máis tarde uns amigos lle deron a oportunidade de ir a Venezuela. Alí naceron os seus tres fillos e os seus catro netos.

Amante da cultura e da continua aprendizaxe, desenvolve con afervoamento o seu labor como secretaria da Asociación Máximo Gorki de Solidariedade entre os Pobos e colabora coa Marcha Mundial pola igualdade de dereitos de mulleres e homes. Milita no Partido Comunista e forma parte da Comisión Viguesa pola Memoria do 36.

VOTACIÓN E ACORDO: Con quince votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Graña Barcia, Losada Alvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Viéitez Alonso, e sete votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Conceder o galardón de Viguesa Distinguida a **Dona Concha Nogueira en representación da “Asociación Viguesa para a Recuperación da Memoria Histórica”.**

**Concesión do galardón de Viguesa Distinguida a dona Victoria Iglesias coma presidenta da Marcha Mundial das Mulleres.**

A Marcha Mundial das Mulleres é un movemento de mulleres a nivel mundial, conformado por organizacións de mulleres: feministas, sindicais, de cooperación, veciñais, etc., que une o seu enxeño e esforzo para trasladar ao conxunto da sociedade as lexítimas reivindicacións das mulleres.

A iniciativa da Marcha xorde das mulleres de Quebec onde en xuño de 1995, 850 mulleres marcharon durante 10 días contra a pobreza polo interior de Quebec, no Canadá, chegando a Montreal.

Esta iniciativa inspirou a mulleres de todo o mundo para unirse na Marcha Mundial das Mulleres e chegou ata Vigo. A nosa cidade foi escenario do paso da Marcha en outubro de 2005, nun periplo que percorreu outras moitas cidades do mundo co simbólico relevo dunha manta. En Galiza preto de 40 organizacións forman parte da Coordinadora Nacional Galega da Marcha, que preside Victoria Iglesias.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Conceder o galardón de Viguesa Distinguida a **dona Victoria Iglesias, coma presidenta da Marcha Mundial das Mulleres.**

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e cincuenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.

**DILIXENCIA:**

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión extraordinaria e urxente do Pleno do día 21 de marzo de 2007. Consta de 24 folios da serie A numerados do 1593430 ó 1593453, e números do 128 ó 151 Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2007

Vigo, a 30 de abril de 2007  
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda